Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.	TI	40
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.

Contidos

- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Procurará rexerse polos criterios de flexibilidade e adaptación á diversidade do alumnado. Evitarase o apuro inxustificable por parte do/a profesor/a e a anguria no alumnado, actitudes ambas as dúas que dificultan moito a aprendizaxe.

O proceso educativo entenderase como acto de comunicación polo que a claridade na mensaxe será primordial. Non se esquecerá que o alumno ha de ser o protagonista da súa propia aprendizaxe e o docente o seu facilitador, por iso esta programación considerará complemento indispensable o traballo fóra da aula: do alumno coas actividades chamadas de desenvolvemento, reforzo/ampliación, e do/a profesor/a coa súa corrección.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e de aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo inductivo-contextual, na que as normas se convirten en posesión permanente e en automatismo lingüístico. Esta é a metodoloxía que rixe o ensino e aprendizaxe das linguas modernas e este departamento considera que é tamén a liña a seguir para o latín e o grego.

A metodoloxía desta programación terá en conta o seguinte:

- Carácter integral da materia que imparte: lingua e cultura están absolutamente imbricadas.
- Gradación na selección dos contidos: do máis sinxelo ao máis complexo, do concreto ao abstracto.
- Motivación: tratar en todo momento de provocar a motivación intrínseca. Isto contribuirá a aproveitar a bagaxe coa que os alumnos/as cheguen aos distintos cursos (se cursaron Cultura Clásica, as súas lecturas, as súas afeccións, etc).
- Avaliación formativa: aprender dos erros, a perfección non existe por iso os erros serán indicativos e formativos.
- Transversalidade: a través da cal se manifestarán no estudio do latín os valores fundamentais que a educación intenta inculcar no alumnado.
 - Interdisciplinariade: aproveitar en todo momento o estudio paralelo de Grego e Latín, e doutras materias como as linguas, a filosofía e as ciencias sociais, para facer comparación lingüística e cultural.
 - Utilización das T.I.C.: nesta altura parece xa fóra de lugar manifestar que esta programación declárase aberta ó seu uso tanto para apoio das explicacións (ordenador con canón de video, pizarra electrónica, etc.) como para realizar actividades co alumnado na rede (procura de información, exercicios de reforzo, ampliación ou autoavaliación, etc.). En definitiva para informarse, aprender, comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poder á abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade.

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.

- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público.

- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.

- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poder á conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.

- Traballaremos con técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa que se lles encomenda.

- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia.
Acceso a internet (casa, biblioteca...) e acceso á plataforma EVA de E-Dixgal.
Caderno de escritura tamaño DIN A4 con cuadrícula.

Utilizaremos alternativamente os materiais de E-Dixgal e os elaborados polo profesor, de tal maneira que o minipórtatil se utilice en clase para realizar algún exercicio ou cuestionario ou para unha busca puntual de información. Porén, durante as explicacións e o traballo habitual en clase utilizarase o encerado tanto convencional como dixital.

Acudirase tamén ao material bibliográfico e dvd's dispoñibles na biblioteca do centro e/ou proporcionados polo profesor.

Aínda así, pódese recomendar e ter en conta o emprego, entre outras fontes, da seguinte dactiografía:

- Proyecto Palladium: <http://recursos.cnice.mec.es/latingriego>. Proxecto elaborado baixo a dirección do Ministerio de Educación. Inclúe materiais para todo o currículo de latín, grego e Cultura Clásica. Moi completo en actividades e exercicios. Aínda que deben depurarse algunhas deficiencias de funcionamento resulta de gran utilidade.

- Scripta. Conocer la literatura latina: http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2001/2001_scripta_conocer_literatura/
Esta aplicación, concebida como un libro electrónico, é un instrumento didáctico que pretende dinamizar o traballo convencional na aula, aproveitando as posibilidades que brindan os medios electrónicos para potenciar o protagonismo do alumno. Autor: Francisco Manzanero Can.

- Kairos: <http://recursostic.educacion.es/kairos/web/metodologia/metodologia.html>
Trátase dun programa de apoio ao profesorado de Historia de Secundaria e Bacharelato. Kairos contén interesantísimas propostas metodolóxicas para a didáctica da historia, que utilizan dende a mitoloxía ata o cine e a fotografía. Ademais ofrece un espazo de comunicación: para achegamento de documentos, presentación de libros e publicacións electrónicas e permanente actualización de documentos.

- Historia del Teatro: http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2000/2000_historia_teatro/
Esta aplicación, creada por Miguel Ángel Gómez Ferro y César Vallejo de Castro, ofrece unha visión do teatro a traveso de distintas épocas, dende Grecia ata o s. XVIII.

- Biblioteca Augustana: <http://www.fh-augsburg.de/~harsch/saeca01.html>
Ampla biblioteca de textos latinos desmenuzados e analizados de moi doada utilización.

- Cultura Clásica: <http://www.culturaclasica.com/enlaces/latin.htm>
Páxina da Asociación Cultural Culturaclasica.com que ten coma principal misión informar e manter de xeito virtual ao día a todos aqueles interesados no mundo grecorromano. Nestas páxinas pódese atopar todo tipo de información actualizada cada día sobre todo o que atinxe á cultura, literatura, historia, arqueoloxía, cine, mitoloxía, educación, sociedade, noticias, etc., relacionadas coa civilizacións grega e romana.

- Aula de Latín: <http://antalya.uab.es/pcano/aulatin/>

Portal da área de Filoloxía Latina da Universidade Autónoma de Barcelona dedicado á didáctica do latín desde diferentes puntos de vista: gramática, sintaxe, xogos ou cine. Moi boa selección de enlaces comentados.

- Proyecto Grammaticvs: <http://www.santiagoapostol.net/grammaticus/>

É un sitio dedicado ao latín e á cultura clásica no Ensino Secundario, onde se poden encontrar materiais sobre lingua e cultura latinas, nomeadamente o seu programa de inicio á tradución.

- Departamento de clásicas del IES Universidad Laboral de Cáceres: <http://www.unilaboralcaceres.net/departamentos/latinygriego/recursos.html#LENGUA>

Páxina interesante polo que aporta de recursos de latín e cultura clásica en forma de resúmenes, esquemas, etc. para ser utilizados polos estudantes.

-SEECGalicia.org.

Informa de distintos eventos, actos, cursiños, publicacións, novas, etc. realizados en Galicia, en relación coa cultura clásica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Xeografía e Historia ou materias lingüísticas. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos nos primeiros quince días de curso unha proba escrita de diagnóstico a través de recollida de información (cuestionarios, preguntas orais/ escritas, composición de textos, etc) para saber o grao de coñecemento que ten a clase sobre a materia a tratar neste curso. Dita avaliación non terá vinculación coa nota final da avaliación, se non que será un punto de partida para o profesor, determinando o grao de coñecemento do grupo para adecuar as futuras explicacións e traballo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	8	9	8	8	9	8	9	8
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	0	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	100	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	60	60	55
Táboa de indicadores	40	40	45

Criterios de cualificación:

Na ESO realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. Tal e como recolle a Orde do 12 de abril de 2024, a sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial. Dita sesión de avaliación realizarase a partir do 22 de xuño de 2025, seguindo as directrices da Consellería de Educación.

A. Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou unidade didáctica.

B. Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes criterios de avaliación.

C. As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades :

- 20% nota de clase (taboa de indicadores).
- 20% proxectos (táboa de indicadores)
- 60% proba escrita

D. A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade, detaiadas anteriormente.

E. A cualificación trimestral obterase en función dos instrumentos de avaliación : 40% táboa de indicadores e 60% de probas escritas.

Considerarase superada a avaliación que acade unha puntuación de mínimo 5/10.

F. A cualificación da avaliación final obterase da media aritmética das 3 avaliacións.

G. O redondeo da nota : se o decimal está entre 0 e 69, a nota será o mesmo número enteiro que sen decimais. Se o decimal está entre 70 e 99, a nota será o número enteiro inmediatamente superior. Excepción : as notas inferiores a 5 puntos de 10, sempre é un suspenso.

H. Todos os alumnos teñen a obriga de presentarse a todas as probas mencionadas anteriormente. De non presentarse ao exame o día acordado, deberán facelo ao día seguinte.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non supere unha avaliación, está estipulada unha proba de recuperación que será realizada nos primeiros 15 días da seguinte avaliación (exceptuando a 3ª avaliación que se realizará a finais da mesma).

Na última quincena do mes de xuño haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas e na cualificación final non chegase ao 5. Ao mesmo tempo, estableceranse actividades de reforzo e de ampliación para todo o alumnado.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promoció sen superar a materia, seguindo o artigo 51 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan de reforzo para ese alumnado.

O departamento programará as actividades que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento, os criterios de avaliación e o profesorado responsable en 4º, será, en principio, o profesorado desta materia en 4º de ESO o encargado de facer o seguimento do alumnado que promoció a 4º coa materia pendente. En último caso, se non existe esa posibilidade porque non se imparta esta materia en 4º, o xefe ou xefa de departamento será o responsable do seu seguimento de non cursar o alumnado esta materia no curso actual. Dado que a materia só se pode cursar en 3º de ESO o xefe ou xefa de departamento decidirá quen se ocupará deste labor.

O seguimento destes programas realizarase nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento da súa lectura e probas escritas en datas proporcionadas pola xefatura de estudos.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

Ademais, para o alumnado que non conseguise recuperar a materia durante o curso atendendo a ditos criterios, establecerase unha recuperación global antes de finalizar o mes de xuño. Dita recuperación consistirá nunha proba escrita valorada sobre 10 puntos, que contará o 100% da cualificación final da materia pendente.

As materias pendentes serán cualificadas e rexistradas no boletín de notas das avaliacións parciais e final.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.

O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio en aula e codocencia, e a PT colaborará co profesorado en diferentes materias, priorizando a súa labor nas materias instrumentais

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.		X	
Teatro	Asistencia ás obras de teatro clásico	X	X	X

Observacións:

Tamén se poderán facer, en colaboración coa Biblioteca ou en colaboración con outros departamentos, exposicións referidas ao Mundo Clásico en todos os apartados/contidos contemplados aquí ou outras que se acorden (charlas, elaboración de material didáctico ou creativo ¿posters, un ¿xornal¿ clásico, etc).

Igualmente, segundo a evolución do curso, poderase realizar cara ao final do mesmo unhas Xornadas de Cine Clásico para o alumnado. Polo demais, non se contemplan outras habituais actividades complementarias e extraescolares que requiran máis dun día.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Metodoloxía empregada
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados